

## Contas económicas trimestrais. Cuarto trimestre de 2009

### NOTA DE PRENSA

### A economía galega rexistra un descenso do 3,0% en 2009

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no cuarto trimestre de 2009 rexistrou un descenso do 3,1% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este descenso é inferior en 0,5 puntos á caída rexistrada no trimestre anterior. Coa información do cuarto trimestre cérrase o ano 2009 cun descenso do PIB do 3%, 4,7 puntos inferior ao crecemento rexistrado en 2008.

O crecemento interanual do PIB galego no cuarto trimestre é igual ao dato avance difundido polo INE de crecemento da economía española (-3,1%). No conxunto do ano o crecemento galego supera en seis décimas ao crecemento nacional.


O descenso intertrimestral deste trimestre sitúase no 0,2%, 0,5 puntos inferior ao retroceso do trimestre anterior.

#### Produto interior bruto

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario*

	2008	2009	2009			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Variación interanual	1,7	-3,0	-2,0	-3,4	-3,6	-3,1
Variación intertrimestral	--	--	-1,1	-1,1	-0,7	-0,2

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais




Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

## Demanda

No cuarto trimestre de 2009, a demanda en termos nacionais achega ao crecemento do PIB -3,1 puntos porcentuais, 1,1 puntos porcentuais máis que no trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 0,6%, cinco décimas inferior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior, o apartado da formación bruta de capital reduce catro puntos a taxa de descenso do terceiro trimestre, co que a taxa do cuarto trimestre é do -7,2%. A contribución do sector exterior é nula, 0,6 puntos menos que no trimestre anterior.

Para o conxunto do ano 2009, a demanda en termos nacionais achega -4,3 puntos porcentuais ao crecemento do PIB. Todos os compoñentes da demanda agás o gasto en consumo final das administracións públicas e institucións sen fins de lucro (GCFAAPP) presentan taxas negativas. Así, a formación bruta de capital descende un 10,7%, as exportacións un 13%, as importacións un 11,8% e o gasto en consumo dos fogares un 1,9%. O GCFAAPP creceu un 5% en 2009. A achega da demanda exterior neta é de 1,3 puntos, catro décimas superior á contribución desta en 2008.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

## Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións	2008	2009	2008				2009			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Gasto en consumo final	2,1	-0,4	3,4	2,7	1,3	1,0	0,0	-0,8	-0,1	-0,6
-Gasto en consumo final dos fogares	1,2	-1,9	3,3	2,0	0,1	-0,4	-1,7	-2,6	-1,5	-2,0
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	5,2	5,0	4,0	5,0	5,7	6,1	6,0	5,3	4,7	4,1
Formación bruta de capital	-2,1	-10,7	1,2	0,5	-2,5	-7,6	-12,6	-11,5	-11,2	-7,2
Demanda en termos nacionais <sup>(1)</sup>	0,8	-4,3	3,1	2,3	0,0	-2,1	-4,9	-5,0	-4,2	-3,1
Exportacións de bens e servizos	-0,5	-13,0	3,2	3,6	-0,8	-7,8	-17,0	-19,3	-10,9	-3,5
Importacións de bens e servizos	-1,4	-11,8	2,3	2,3	-2,0	-8,4	-16,9	-17,2	-9,4	-2,6
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>1,7</b>	<b>-3,0</b>	<b>3,3</b>	<b>2,7</b>	<b>1,1</b>	<b>-0,4</b>	<b>-2,0</b>	<b>-3,4</b>	<b>-3,6</b>	<b>-3,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares decrece un 2,0% no cuarto trimestre de 2009, cinco décimas superior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado durante todo o ano 2009 reside sobre todo no deterioro do mercado de traballo. Os principais indicadores amosan un comportamento dispar: o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario mostra un peor comportamento no cuarto trimestre que no terceiro en termos de taxa interanual; indicadores cualitativos como o índice de confianza do consumidor presentan neste trimestre un comportamento similar ao anterior; por último, as matriculacións de turismos rexistran neste trimestre taxas interanuais moi superiores ás taxas do trimestre precedente.

No mesmo período, o gasto en consumo final das administracións públicas e institucións sen fins de lucro presenta unha taxa de crecemento do 4,1%, seis décimas inferior á rexistrada no trimestre anterior.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída inferior ao do trimestre anterior, pasando dun crecemento do -11,2% no terceiro trimestre a un -7,2% no cuarto. As importacións e a produción industrial de bens de equipo e a matriculación de vehículos de carga presentan taxas de crecemento menos negativas que no trimestre anterior e nalgún caso xa acadan cifras positivas. En cambio, o investimento en construción continúa a desacelerarse no cuarto trimestre.

Como xa se comentou anteriormente, no cuarto trimestre de 2009 a achega da demanda externa neta foi nula, 0,6 puntos porcentuais inferior á achega do trimestre anterior. As exportacións reducen 7,4 puntos o seu ritmo de descenso con respecto ao trimestre precedente, acadando unha taxa do -3,5%. A menor contracción da demanda interna no resto de España e nos principais países aos que van destinados os nosos produtos explican esta recuperación. Pola súa parte, as importacións descenderon un 2,6%, o que supón unha mellora de 6,8 puntos con respecto á contracción do trimestre anterior.

En termos anuais, a demanda en termos nacionais caeu un 3,7% en 2009, sete décimas máis que a caída do PIB. O aumento do gasto público (5%) non foi suficiente para contrarrestar as caídas da formación bruta de capital (10,7%) e do gasto en consumo final dos fogares (-1,9%). Como resultado deste comportamento da demanda interna, a demanda exterior neta achegou 1,3 puntos porcentuais ao crecemento do ano 2009, as exportacións descenderon un 13% e as importacións un 11,8%.

## **Oferta**

Dende a perspectiva da oferta, no cuarto trimestre de 2009, presentan crecementos negativos as ramas agraria e pesqueira, as industriais, a construción e as de servizos de mercado. A enerxía e os servizos non de mercado acadan taxas interanuais positivas.

## Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións			2008				2009			
	2008	2009	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-1,3	-1,8	4,1	-2,0	-1,3	-5,9	-3,3	7,7	-7,6	-3,9
Ramas enerxéticas	-3,6	-3,2	-7,8	-0,8	-0,4	-5,1	-0,5	-7,3	-6,3	1,6
Ramas industriais	-1,6	-13,7	3,0	0,1	-1,4	-7,8	-17,7	-15,9	-13,6	-6,9
Construción	-0,3	-5,6	2,2	1,0	-0,8	-3,3	-4,1	-5,4	-6,3	-6,7
Ramas dos servizos	3,7	-0,1	4,4	3,9	3,7	2,9	2,1	-0,9	-0,9	-0,8
- Servizos de mercado	3,4	-1,4	4,2	3,7	3,5	2,4	1,2	-2,4	-2,2	-2,1
- Servizos non de mercado	4,7	4,4	5,1	4,4	4,5	4,8	5,3	4,6	3,9	4,0
Impostos netos sobre os produtos	0,5	-2,3	3,0	2,2	-3,5	0,4	0,0	-3,3	-1,1	-4,9
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>1,7</b>	<b>-3,0</b>	<b>3,3</b>	<b>2,7</b>	<b>1,1</b>	<b>-0,4</b>	<b>-2,0</b>	<b>-3,4</b>	<b>-3,6</b>	<b>-3,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

As ramas agraria e pesqueira presentan un descenso do 3,9%, en liña cos indicadores de actividade dispoñibles que sinalan descensos interanuais.

No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual superior en case sete puntos á taxa do trimestre anterior, presentando un rexistro do -6,9%; o índice de produción industrial destas ramas mostra unha evolución similar. As ramas enerxéticas rexistran un crecemento do 1,6%, 7,9 puntos superior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior.

O sector da construción presenta unha taxa de crecemento do -6,7%, 0,4 puntos porcentuais por debaixo do crecemento rexistrado no trimestre anterior. Comparando co crecemento interanual do trimestre anterior, a licitación oficial, a edificación residencial e a edificación non residencial presentan un peor comportamento.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un decrecemento do 0,8%, unha décima inferior á caída do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento unha décima superior ao rexistrado no terceiro trimestre, quedando situada a taxa no -2,1%. Os servizos non de mercado creceron un 4,0%, unha décima máis que no trimestre precedente.

No conxunto do ano 2009, todos os sectores de actividade agás os servizos non de mercado presentan crecementos negativos. Os maiores descensos corresponden ás ramas industriais (13,7%) e á construción (-5,6%); o valor engadido do sector primario cae un 1,8%, a enerxía un 3,2% e o descenso dos servizos de mercado foi dun 1,4%. Os servizos non de mercado creceron un 4,4%.

## Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no cuarto trimestre deste ano un 3,8%, o que supuxo a destrución de 43.797 postos de traballo equivalentes nun ano.

## Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

	2008	2009	2008				2009			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-3,8	-0,9	-3,4	-7,0	-2,1	-2,6	-1,4	1,3	-1,9	-1,6
Ramas enerxéticas	-1,8	-4,7	-3,2	-1,7	-0,9	-1,4	-4,1	-4,8	-4,4	-5,7
Ramas industriais	-1,0	-8,8	1,8	0,5	-1,6	-4,5	-7,8	-9,2	-9,1	-9,1
Construción	-5,6	-14,6	-0,6	-3,2	-7,5	-11,3	-13,5	-15,4	-15,2	-14,4
Ramas dos servizos	2,5	-1,2	2,7	3,6	2,8	1,1	0,2	-1,8	-2,2	-1,0
- Servizos de mercado	2,8	-2,2	2,8	3,8	3,3	1,2	-0,6	-2,8	-3,6	-2,0
- Servizos non de mercado	2,0	1,2	2,4	3,0	1,8	1,0	2,1	0,4	1,0	1,3
<b>TOTAL POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO</b>	<b>0,4</b>	<b>-4,0</b>	<b>1,5</b>	<b>1,2</b>	<b>0,3</b>	<b>-1,7</b>	<b>-2,9</b>	<b>-4,4</b>	<b>-4,8</b>	<b>-3,8</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade, a de servizos non de mercado acadou taxas de crecemento positivas, as restantes presentan descenso interanuais, sobre todo a construción e a industria.

As ramas agraria e pesqueira presentan un crecemento interanual do -1,6% no cuarto trimestre do ano, a construción acadou un decrecemento do 14,4%, 0,8 puntos menos que no trimestre anterior e as ramas industriais amosan a mesma taxa que no trimestre precedente, descendendo un 9,1%.

Os servizos de mercado minoran o seu descenso en 1,6 puntos, quedando situada a taxa no -2,0%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 1,3%, 0,3 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou no cuarto trimestre de 2009 unha taxa de variación interanual do -4,1%, dato que supón a diminución de 37.947 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

## Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

	2008	2009	2008				2009			
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-2,8	5,0	-5,4	-5,8	1,7	-1,6	6,6	7,6	5,0	0,9
Ramas enerxéticas	-1,9	-3,4	-3,3	-1,9	-1,1	-1,5	-2,8	-3,3	-3,0	-4,4
Ramas industriais	-1,5	-9,5	1,8	0,3	-2,2	-5,8	-8,4	-9,9	-9,7	-9,9
Construción	-6,0	-16,8	-0,7	-3,3	-7,8	-12,1	-15,7	-17,6	-17,3	-16,4
Ramas dos servizos	2,8	-0,7	2,7	3,9	3,2	1,4	1,0	-1,5	-1,9	-0,5
- Servizos de mercado	3,3	-1,8	2,8	4,4	4,1	1,7	0,3	-2,5	-3,5	-1,6
- Servizos non de mercado	2,0	1,2	2,4	3,0	1,8	1,0	2,1	0,4	1,0	1,3
<b>POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO</b>	<b>0,6</b>	<b>-4,2</b>	<b>1,7</b>	<b>1,9</b>	<b>0,6</b>	<b>-1,9</b>	<b>-2,8</b>	<b>-4,8</b>	<b>-5,0</b>	<b>-4,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase neste trimestre no 0,8%, catro décimas menos que a variación rexistrada no trimestre anterior.

En 2009 o número medio de postos de traballo equivalentes a tempo completo foi de 1.112.465, isto supón un descenso de 46.098 postos en termos absolutos con respecto a 2008, en termos relativos o descenso foi do 4,0%. As maiores caídas producíronse na construción e na industria e só os servizos non de mercado presentan taxas positivas. A variación con respecto ao ano 2008 da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,0%, en 2008 a produtividade crecera un 1,3%.

### Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no cuarto trimestre de 2009 un crecemento interanual do -2,5%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 0,6%, 0,5 puntos superior ao do trimestre anterior.

No conxunto de 2009 a caída do PIB en termos nominais foi do 2,5%, o deflactor implícito creceu, polo tanto, un 0,5%; 2,1 puntos menos que o crecemento do deflactor no ano anterior.

### Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

Operacións			2008				2009			
	2008	2009	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Gasto en consumo final	6,1	-0,7	8,3	6,9	5,7	3,7	1,7	-2,0	-1,4	-1,0
-Gasto en consumo final dos fogares	5,3	-3,0	8,5	6,2	4,6	2,0	-0,3	-4,6	-3,7	-3,2
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	9,0	7,0	7,6	9,1	9,8	9,6	8,7	7,1	6,3	6,2
Formación bruta de capital	2,3	-9,3	9,1	6,0	1,4	-6,5	-9,0	-9,2	-11,4	-7,6
Demanda en termos nacionais <sup>(1)</sup>	5,4	-3,9	9,9	7,6	5,0	0,4	-2,2	-5,1	-5,3	-3,6
Exportacións de bens e servizos	2,2	-15,1	6,7	7,0	2,4	-7,0	-19,2	-21,1	-13,4	-5,6
Importacións de bens e servizos	3,4	-13,8	9,2	8,5	2,8	-6,5	-16,2	-19,3	-12,9	-5,8
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>4,3</b>	<b>-2,5</b>	<b>6,8</b>	<b>5,3</b>	<b>4,2</b>	<b>1,2</b>	<b>-1,2</b>	<b>-2,9</b>	<b>-3,5</b>	<b>-2,5</b>
Ramas agraria e pesqueira	1,7	-4,8	13,4	0,1	-1,6	-3,6	-3,5	-2,2	-6,2	-7,2
Ramas enerxéticas	2,6	-2,1	-1,3	8,1	3,2	0,7	3,1	-3,9	-4,5	-2,7
Ramas industriais	3,1	-13,5	8,8	5,9	3,4	-5,3	-14,6	-16,1	-14,6	-8,4
Construción	3,9	-6,5	8,1	6,2	4,7	-2,8	-4,2	-5,7	-9,2	-6,7
Ramas dos servizos	8,2	2,8	9,0	8,6	8,4	6,8	4,8	2,6	2,0	1,8
- Servizos de mercado	8,1	1,6	9,0	8,6	8,6	6,4	3,7	1,1	0,8	0,7
- Servizos non de mercado	8,4	7,1	9,3	8,4	7,4	8,5	8,7	7,9	6,4	5,5
Impostos netos sobre os produtos	-12,7	-14,1	-8,5	-12,7	-15,1	-14,8	-13,9	-14,0	-13,3	-15,3

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

#### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

17 de febreiro de 2009

FAX: 981.54.13.23  
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>